

## **ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 15 de xuño de 2026, aprobou o seguinte ACORDO:

### **5.- SUBVENCIONS**

#### **5.2.- Concesión de subvención a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica 2026.**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/04/2026 aprobaronse as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2026.

Segundo se establece na Base 11 da convocatoria, a concesión das subvencións para actividades de promoción económica realizarase “logo da proposta motivada da Comisión Avaliadora correspondente”.

Ás 12.30 h. do día 01/06/2026 reuniuse a Comisión Avaliadora da Convocatoria de Subvencións para actividades de promoción económica, nomeada por decreto de Alcaldía nº 1471/2026, de data 28 de maio, e integrada por Xosé Regueira Varela, concelleiro de Promoción Económica; Maite Parga Ures, técnica de Turismo; Paula Lema Pena, técnica de Promoción Económica e Susana Mariño Lorenzo, como secretaria.

O informe, favorable, da Intervención municipal ten data 10/06/2026.

Á vista das solicitudes presentadas á convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica e a valoración realizada pola Comisión Avaliadora, segundo os criterios de outorgamento especificados nas bases, o concelleiro delegado da Área de Promoción Económica e Turismo e da axente de Desenvolvemento Local asinan a proposta de acordo o día 10/06/2026, no expediente 2026/A002/000005.

A Xunta de Goberno Local, a vista dos antecedentes citados, en uso das competencias que delegou a Alcaldía mediante a resolución número 2944/2025, do 13 de outubro (BOP nº 208 de 30/10/2025), por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións que se relacionan a continuación ás asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2026, segundo proposta da Comisión Avaliadora, por un importe total de 60.000 euros. O gasto irá con cargo á partida 4310/48900 “Subvencións entidades empresariais de interese local” do Orzamento Municipal para 2026.

<b>ENTIDADE</b>	<b>OBXECTO</b>	<b>Importe da subvención</b>	<b>Coefficiente de financiamento máximo</b>	<b>Presuposto que se ten que xustificar</b>
Centro Comercial Aberto Carballo	Unidade xerencial, campañas de dinamización comercial e fidelización e outros gastos de formación, publicidade e dixitalización	30.000,00 €	0.8	37.500,00 €
Asociación de Xóvenes Empresarios de Bergantiños AXOBER	Campaña de captación e retención de talento, , promoción e xestión de RRSS, asesoramento a socios, actividade “Construíndo o futuro”, actividades de formación e Berocasión	30.000,00 €	0.8	37.500,00 €

Segundo.- Conceder ao Centro Comercial Aberto Carballo e á Asociación de Xóvenes

Empresarios de Bergantiños (Axober) autorización para concertar a execución das actividades obxecto de subvención con empresas vinculadas ás entidades, tal e como solicitan, por concorrer as circunstancias previstas no artigo 29.7.d) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Notificar esta resolución ás entidades beneficiarias, que deberán presentar a documentación xustificativa establecida na Base 16.3 da convocatoria. O prazo de xustificación rematará o día 15 de novembro de 2026.